



MEMORIA CONSOLIDADA - RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

INTRODUCCIÓN

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) foi creado pola Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

A Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 16, relativo á reorganización dos instrumentos de xestión da Xunta de Galicia no eido do desenvolvemento rural, autoriza ao Consello da Xunta de Galicia a proceder á disolución de Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SODECO). Este artigo establece que desde o momento en que se produza a extinción da personalidade xurídica da sociedade anónima, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) ou o Instituto de Estudos do Territorio (IET), en función das novas competencias atribuídas, se subrogarán en todos os dereitos e obrigacións de SODECO, así como dos que se deriven dos contratos nos que dita sociedade fose parte, sen que esta subrogación poida reputarse como cesión de contratos. Neste artigo tamen se establece o procedemento para o traspaso do persoal de SODECO a AGADER ou ao IET.

O Decreto 244/2011, do 29 de decembro, aprobou os estatutos do IET, que se configura como un organismo autónomo dos regulados na sección 2.ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia. As disposicións adicionais deste Decreto regulan o persoal que pasa a formar parte do IET.

O 13 de outubro de 2011 de conformidade co disposto no artigo 16 da Lei 15/2010, o Consello da Xunta acordou a disolución da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SODECO).

O 02/01/2012, de acordo coa disposición adicional quinta do Decreto 244/2011, os conselleiros de e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Medio Rural, mediante unha resolución conxunta, concretan os postos de traballo que se adscriben ao IET e a AGADER, procedentes de SODECO.

O 18/05/2012, o Consello da Xunta de Galicia aprobou a primeira relación de postos de traballo (RPT) do IET (DOG do 23/05/2012). Esta RPT incluía os postos traspasados da extinta Dirección Xeral de Paisaxe e os postos traspasados da Sociedade de Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SODECO), de acordo co disposto nas disposicións adicionais cuarta, quinta, sexta e sétima do Decreto 244/2011, así como que os postos de estrutura do IET, de acordo co disposto nos artigos 26 a 28 dos estatutos do IET.

Esta RPT tivo as seguintes modificacións:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29/06/2012 (DOG do 02/07/2012). Esta modificación realizouse atendendo ao establecido na disposición adicional sétima do referido Decreto 244/2011, do 29 de decembro, logo da realización dun estudo organizativo do servizo, tendo en conta a racionalización das estruturas orgánicas, a evitación de tarefas redundantes e duplicidades e as previsións orzamentarias.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 02/05/2013 (DOG do 13/05/2013) que tivo por obxecto a creación dun posto en execución de sentenza.





- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 06/06/2013 (DOG do 21/06/2013) que tivo por obxecto a creación doutro posto en execución doutra sentenza.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 05/06/2014 (DOG do 17/06/2014) que tivo por obxecto a creación dun posto e a modificación doutro en execución de dúas sentenzas.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13/05/2015 (DOG do 26/05/2015) que tivo por obxecto a modificación de 3 postos de traballo.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10/12/2015 (DOG do 21/12/2015) que tivo por obxecto a creación doutro posto en execución doutra sentenza.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21/04/2016 (DOG do 02/05/2016) que tivo por obxecto a modificación de dous postos do persoal laboral.

XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A modificación obedece a varias razóns:

- A refundición nun so texto de todas as modificacións aprobadas ata a actualidade.
- A adaptación ao disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e na Orde do 10 de maio de 2017 pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir.
En concreto:
 - Adaptación dos corpos e escalas
 - Inclusión de áreas funcionais nalgúns postos
 - Modificación da forma de provisión dalgúns postos de nivel 28, e xustificación do mantemento da mesma forma de provisión noutros.
- Atención ás novas necesidades do IET:
 - Elimínase a “xornada de mañá ou tarde” que figuraba en sete postos, por non darse o caso na actualidade.
 - Créanse postos necesarios
 - Suprímense postos que non se adaptan ás necesidades actuais

PROPOSTA:

Os días 18 de febreiro e 4 de marzo do ano en curso debateuse a primeira proposta coas organizacións sindicais. Logo das reunións mantidas, elevouse unha proposta á Dirección Xeral da Función Pública e esta emitiu o 09/05/2019 un requirimento para a subsanación dalgúns aspectos.

Tendo en conta algunhas das alegacións das organizacións sindicais, así como o requirimento da Dirección Xeral da Función Pública, faise a seguinte proposta:

Creacións

De postos de persoal funcionario:

- **MA.O31.00.000.15770.023 Posto base subgrupo A2**
Para crear este posto amortízase outro de persoal laboral (MA.O31.00.000.15770.135 Titulado/a Grao Medio) ocupado por unha traballadora que foi declarada persoal laboral indefinida non fixa pola sentenza do Xulgado do social nº 2 de Santiago de Compostela do 01/07/2013 (autos 689/2010). O 14/05/2015, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirmou esta sentenza, que foi declarada firme o 16/06/2015.





- Nivel: 16
 - Subgrupo: A2
 - Corpo / escala: EME3
 - Observacións: Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
Posto afectado polo proceso de consolidación.
- **MA.O31.00.001.15770.004 Xefe de negociado administrativo** dependente Departamento de Xestión Xurídico – Administrativa para realizar funcións administrativas: notificacións (primordialmente en materia de contratación); convocatorias das reunións dos órganos colexiados dependentes do IET; actualización de bases de datos do Departamento; arquivo de expediente contables; redacción de oficios; así como calquera outras que se lle podan encargar e que sexan acordos ao seu nivel.
 - Nivel: 18
 - Subdrupos: A2 – C1 – C2
 - Corpo / escala: xeral
 - **MA.O31.00.002.15770.003 Xefe de negociado administrativo** dependente do Departamento Técnico de Estudos para realizar funcións administrativas do departamento: notificacións en papel e a través das aplicacións Notifica.gal e Rexel (as notificacións en papel tamén se envían polo Notifica.gal); xestión da base de datos de informes sobre paisaxe (entre 600 e 700 expedientes anuais): entradas, saídas, oficios e información; xestión do correo electrónico corporativo do Servizo de Coordinación e Información Territorial; así como calquera outras que se lle podan encargar e que sexan acordos ao seu nivel.
 - Nivel: 18
 - Subdrupos: A2 – C1 – C2
 - Corpo / escala: xeral

Modificacións

De postos de funcionario:

- **MA.O31.00.000.15770.005 Xefatura Sección Xestión administrativa**

Engádeselle unha das áreas funcionais que ten relación coas súas funcións:

- Económico – orzamentaria (ECO)

Pasa a depender organicamente do Servizo de Xestión, de acordo coa realidade actual.

(Novo código: MA.O31.00.001.15770.012)

- **MA.O31.00.000.15770.008 Xefatura Negociado de delimitación**
- **MA.O31.00.000.15770.009 Xefatura Negociado de delimitación**

Mantéñense para escala “especial”, xa que non existe ningunha escala concreta para delimitantes do subgrupo C1. Postos afectados polo establecido na disposición adicional novena da Lei de emprego público de Galicia. Faise constar en observacións.

- **MA.O31.00.000.15770.013 Posto base subgrupo A1**
- **MA.O31.00.000.15770.015 Posto base subgrupo A1**

Postos creados no seu día en execución de sentenza. Mantéñense para escala “xeral”.

Postos afectados polo proceso de consolidación.





- **MA.O31.00.000.15770.014 Posto base subgrupo A1**

Posto modificado no seu día en execución de sentenza. Elimínanse as formacións e concrétese a escala que pasa a ser “Escala de ciencias (ESC)”. A demandante ten a titulación de ciencias ambientais.

Posto afectado polo proceso de consolidación.

- **MA.O31.00.000.15770.016 Técnico/a en materia paisaxística**

Posto creado no seu día en execución de sentenza. Elimínanse as titulacións e modifícase a escala que pasa a ser “xeral” xa que o demandante ten a titulación de socioloxía. Pasa a denominarse Posto base subgrupo A1 e péchase para o subgrupo A1.

Posto afectado polo proceso de consolidación.

- **MA.O31.00.000.15770.017 Posto base subgrupo A1**

Posto creado no seu día en execución de sentenza. Elimínanse as formacións e concrétese a escala que pasa a ser “Escala de ciencias (ESC)”. O demandante ten a titulación de ciencias xeolóxicas.

Posto afectado polo proceso de consolidación.

- **Modifícase a denominación e a codificación dos postos de auxiliar administrativo, que pasan a denominarse Posto base subgrupo C2:**

- MA.O31.00.000.15770.030 Posto base subgrupo C2 (antes MA.O31.00.000.15770.018)
- MA.O31.00.000.15770.031 Posto base subgrupo C2 (antes MA.O31.00.000.15770.020)

- **MA.O31.00.001.15770.010 Xefatura Servizo Xestión**

Modifícase a forma de provisión: pasa a ser concurso específico

Engádeselle unha das áreas funcionais que ten relación coas súas funcións:

- Económico – orzamentaria (ECO)

Tamén realiza necesariamente, entre outras, funcións relacionadas coa contratación (CON) e con persoal (PER)

- **MA.O31.00.001.15770.020 Xefatura Servizo Xurídico – Administrativo**

Modifícase a forma de provisión: pasa a ser concurso específico

Ábrese ao subgrupo A2.

Engádenselle as áreas funcionais que teñen relación coas súas funcións:

- Técnico-xurídica (XUR)

- **MA.O31.00.003.15770.010 Xefatura Servizo de Estudos**

Modifícase a forma de provisión: pasa a ser concurso específico.

Modifícase o subgrupo: pasa a ser A1

Modifícanse as escalas para adaptalas ás súas funcións:

- Escala de enxeñeiros agrónomos (ESE2)
- Escala de enxeñeiros de montes (ESE5)
- Escala de arquitectos (ESA)

A este posto correspóndenlle, entre outras, as funcións do IET relativas á análise, seguimento, formación e divulgación sobre urbanismo e ordenación do territorio.





As escalas que se propoñen son todas, sen exclusión, as adecuadas para o desempeño destas funcións, que requiren coñecementos e experiencia en planificación da paisaxe, materia agraria, forestal, ordenación do territorio e urbanismo.

• **MA.O31.00.003.15770.020 Xefatura Servizo de Coordinación e Información Territorial**

Modifícase a forma de provisión: pasa a ser concurso específico.

Modifícanse as escalas para adaptalas as súas funcións:

- Escala de enxeñeiros (ESE)
- Escala de enxeñeiros técnicos (EME)

A este posto correspóndenlle as funcións do IET relativas á elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos relacionados co territorio, así como a súa coordinación e difusión entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia. Tamén se encarga da xestión e desenvolvemento dos sistemas de información corporativos da Xunta vinculados ao territorio.

As modificacións propostas considéranse mais adecuadas para o desempeño destas funcións.

• **MA.O31.00.003.15770.030 Xefatura Servizo de Planificación da Paisaxe**

Modifícase a forma de provisión: pasa a ser concurso específico.

Modifícase o subgrupo: pasa a ser A1

Modifícanse as escalas para adaptalas as súas funcións:

- Escala de enxeñeiros agrónomos (ESE2)
- Escala de enxeñeiros de montes (ESE5)
- Escala de arquitectos (ESA)

A este posto correspóndenlle as funcións do IET no que atinxe ao desenvolvemento dos instrumentos recollidos na lexislación vixente sobre a protección, xestión e ordenación da paisaxe, así como as funcións de formación e divulgación na materia da paisaxe.

As escalas que se propoñen son todas, sen exclusión, as adecuadas para o desempeño destas funcións, que requiren coñecementos e experiencia en planificación da paisaxe, materia agraria, forestal, ordenación do territorio e urbanismo.

De postos de persoal laboral:

- **Elimínase a observación “Xornada de mañá ou tarde” en todos os postos nos que figura, xa que na que non se axusta á realidade.**
- **Modifícase a codificación dos seguintes postos de traballo por estar ocupados por persoal non integrado na Xunta de Galicia:**
 - MA.O31.00.000.15770.100 Titulado/a Superior
 - MA.O31.00.000.15770.113 Titulado/a Superior
 - MA.O31.00.000.15770.114 Titulado/a Superior
 - MA.O31.00.000.15770.130 Titulado/a Grao Medio
 - MA.O31.00.000.15770.131 Titulado/a Grao Medio
 - MA.O31.00.000.15770.165 Técnico/a Especialista en Informática
 - MA.O31.00.000.15770.166 Técnico/a Especialista en Informática
 - MA.O31.00.000.15770.167 Técnico/a Especialista en Informática
 - MA.O31.00.000.15770.168 Técnico/a Especialista en Informática





- MA.O31.00.000.15770.170 Técnico/a Especialista en Informática

Amortizacións

De postos de persoal funcionario:

Suprímense os seguintes postos de persoal funcionario que están vacantes e desocupados para financiar as creacións dos dous postos de xefe de negociado:

- MA.O31.00.000.15770.019 Auxiliar administrativo
- MA.O31.00.000.15770.021 Auxiliar administrativo
- MA.O31.00.000.15770.022 Auxiliar administrativo

Suprímese o seguinte posto de persoal laboral para crear un posto de funcionario do subgrupo A2:

- MA.O31.00.000.15770.135 Titulado/a Grao Medio

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2019

O director do Instituto de Estudos do Territorio
Guillermo Evia Pérez

